

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

11402 Orde APA/841/2019, do 23 de xullo, pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 599/2011, do 29 de abril, polo que se establecen as bases do Plan de vixilancia sanitaria do gando porcino.

A enfermidade vesicular porcina foi suprimida da lista de enfermidades de declaración obrigatoria á Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) na Asemblea Xeral da OIE celebrada en maio de 2016.

Por outro lado, a experiencia adquirida na loita fronte ás enfermidades de declaración obrigatoria en porcino, a situación epidemiolóxica nos países da nosa contorna e socios comerciais e os resultados obtidos nos últimos anos grazas ao sistema de vixilancia activa establecido no Real decreto 599/2011, do 29 de abril, polo que se establecen as bases do Plan de vixilancia sanitaria serolóxica do gando porcino, que inclúe a peste porcina africana, a peste porcina clásica e a enfermidade vesicular porcina, fai necesaria unha modificación dos anexos I e II do mencionado real decreto, co obxecto de adecuar a vixilancia destas enfermidades ao risco que presentan na actualidade, eliminando do plan de vixilancia activa a enfermidade vesicular porcina.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 599/2011, do 25 de abril de 2011, faculta o ministro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de consulta coas comunidades autónomas, para modificar o contido dos anexos do dito real decreto, conforme as modificacións que introduza a normativa comunitaria ou internacional.

No procedemento de elaboración desta disposición foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

O contido da presente orde axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de adecuar a nosa normativa á da OIE. En función do principio de proporcionalidade, a regulación límitase ao mínimo imprescindible ao suprimirse a vixilancia activa e manterse a vixilancia pasiva, é dicir, a obriga de comunicar a aparición de síntomas da enfermidade nos animais, por parte dos seus propietarios ou dos veterinarios, obriga que emana da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal. En aplicación do principio de eficiencia, esta norma non impón cargas administrativas e, en aplicación do principio de transparencia, realizouse a audiencia e información públicas do proxecto para facilitar a participación na tramitación desta norma.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 599/2011, do 25 de abril de 2011, polo que se establecen as bases do Plan de vixilancia sanitaria do gando porcino.*

O Real decreto 599/2011, do 25 de abril de 2011, polo que se establecen as bases do Plan de vixilancia sanitaria do gando porcino, queda modificado como segue:

Un. O anexo I substitúese polo seguinte:

«ANEXO I

Enfermidades

Peste porcina clásica.
Peste porcina africana.»

Dous. Elimínase a letra c) do anexo II.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de xullo de 2019.–O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.